

Mariña, a nosa Mariña do Carme, da Barca,
das Vizocas ou de Aldán,
sempre chea daquela ledicia
na expresión cativa
de espreitar o mar.

A mirada extraviada de barco no horizonte,
co vento de poñente coma un sopro cos beizos
que debuxa o abraio na boca de todos
e unha afastada humidade en cada ollo,
da color azul das mareas,
do verde salgado do mar.

A forza incontrolable que desatas
con toda a vida por diante
é o ruído das augas que brinca nas ondas
coma guedellas de pelo crecho
que se desfai na area
igual ca unha pedra de azucre
na túa saliva salgada de nena de mar.

Agora no Nautilus xa non hai ningún capitán Nemo,
ningún Xulio Verne entre nós.

A túa natureza,
Mariña,
está violada, para sempre,
e das túas entrañas estragadas
flúe unha inmensa hemorraxia,
de ghalipote,
máis de vinte mil leguas de sangue callado.

O ventre prostituído
ten sondas e tubos que supuran
toda a materia
dun profundo desgarró interior.

Nautilo ou Nautilus
agora só é o nome dun corpo estraño
afogado en mar morto.

Da vista da Mariña, brutalmente esvaído
o seu ronsel de pureza, en cada recanto,
en cada poro das rías,
feridas examinadas por un aparello cirúrxico.

E agora xa non se precisan ondas
nin vento de poñente
que che prostitúa as costas
nin que enzoufe a ilusión de metáforas.

A inspiración, ás veces, é unha enorme
masa visguenta que mancha de fuel as palabras.